




ASOCIACIÓN de ANDAINAS A CANTEIRA O PUNTAL (NEDA)

<http://andaina-acanteira.blogspot.com.es/>

ANDAINA DO 28/05/2016: CAMIÑANDO POLO BELELLE

PERCORRIDO






ASOCIACIÓN de ANDAINAS A CANTEIRA O PUNTAL (NEDA)

<http://andaina-acanteira.blogspot.com.es/>

ANDAINA DO 28/05/2016: CAMIÑANDO POLO BELELLE



PERCORRIDO E CURIOSIDADES

Albergue de Peregrinos – S. Nicolás (1,7 km – 1,7 km): O percorrido iníciase no Albergue de Peregrinos de Neda, en Xubia **(PE1)**, e discorre polo paseo marítimo ata chegar á desembocadura do Beelle, coas súas pequenas marismas, onde aniñan e viven garzas e patos, que complementan a fauna de pequenas aves de presa, e algo máis adiante, á **Área Recreativa e á Igrexa de San Nicolás** (s.XIV), con cruceiro, posiblemente xunto co de Melide o máis antigo de Galicia **(PE2)**.

S. Nicolás – S. María (1,1 km – 2,8 km): Continúa o percorrido pola Rúa Castro, atravesando o núcleo urbano de Neda, para seguir por Praza dá Reitoral, Rúa Real - con casas asoportaladas dos séculos XVII-XVIII-, ata chegar á Torre do Reloxo, antigo Hospital de Peregrinos e hoxe Casa do Concello **(PE3)**. O camiño continúa pola Rúa Paraiso, cruza o río Beelle pola ponte peatonal e chega á **Igrexa de S. María** **(PE4)**.

S. María – Colexio Maciñeira (2,5 km – 5,3 km): A continuación cruza a AC-115, para seguir pola Senda do Beelle, río arriba, pasando por diante dos muíños do Cubo, Carballo e Carrizo e da piscifactoría, ata chegar ao **Colexio de Maciñeira**, lugar fixado para degustar un tentempé **(PE5)**.

Colexio Maciñeira – Salto da Fervenza (3,3 km – 8,6 km): Ao saír do colexio, o percorrido continúa pola senda, pasa por diante doutros muíños e cruza o río por Ponte do Grilo. Continúa a senda pola marxe esquerda do río, que volvemos cruzar por Ponte Canido, para continuar por unha pista, que nos adentra no núcleo de casas de O Roxal. Segue pola estrada Camiño da Fervenza, pasando por diante do Pazo Isabel II (século XIX, antiga fábrica textil), e dos muíños do Neno e de Barcia, ata chegar á **Central do Beelle** **(PE6)**, central hidroeléctrica construída a principios do século XX para dotar de electricidade á cidade de Ferrol, e onde termina dita estrada. Comeza novamente a senda, que vai primeiro ao Encoro e finalmente ao miradoiro do **Salto de Fervenza** **(PE7)**.

Salto de Fervenza – Polideportiva de O Roxal (2,2 km – 10,8 km): Saímos para **O Roxal**, facendo o mesmo percorrido en sentido inverso ata o núcleo de casas, onde o percorrido nos dirixe cara a polideportiva **(PE8)**, lugar fixado para o xantar.

Nota: o percorrido da Senda do Beelle está marcada coas cores branco e azul.

PUNTOS DE ENCUENTRO (PE)

PE1: Saúdo de benvinda e presentación da axenda da xornada

PE2: Breve exposición sobre a Igrexa/Cruceiro e a súa contorna

PE3: Breve exposición sobre a Torre do Reloxo e a súa contorna

PE4: Breve exposición da senda do Beelle, muíños e a súa contorna

PE5: Lugar fixado para degustar un tentempé

PE6: Breve exposición sobre a Central do Beelle/Encoro e a súa contorna

PE7: Breve visita ao Salto da Fervenza

PE8: Lugar fixado para o xantar e actividades varias

NEDA

Neda é un pequeno municipio da Coruña, situado no fondo de Ría de Ferrol. Conta cunha poboación que apenas rebasa os 5.800 habitantes, nunha superficie de 24 quilómetros cadrados, que se estenden, desde a ribeira de ría e seguindo polos vales dos ríos Belelle, Xuvia e Castro, en explanada, que vai ascendendo aos montes Ancos, Marraxón e Louseira. Aínda que aparece citada por primeira vez en documentos do século X ("Nida" nun texto do ano 936), conserva restos megalíticos e castrexos, o que é indicativo da importancia desta zona dende a antigüidade. A súa capital, San Nicolás, mantén formas medievais e conserva edificacións dos séculos XVII e XVIII. Podemos afirmar que na Idade Media Neda era unha vila importante, na que residían notables familias, algunhas enterradas na igrexa parroquial.

Durante aqueles anos Neda foi coñecida polo seu porto comercial e o seu asteleiro, no que foi construído o barco que participou na reconquista de Alxeciras, en 1344, o que fixo que o rei Alfonso XI concedese a Neda os foros, que favoreceron a súa economía. Tamén é reseñable "Fábrica de Xubia/A Casa de Moeda de Xubia", estableceuse na desembocadura do río Xubia, co nome de Real Fábrica Nacional de Cobre, como fundición de cobre, coa finalidade de abastecer ao Arsenal da Mariña de Ferrol, aínda que non comezou a produción ata 1803.

Se nos referimos ao patrimonio natural, temos que citar ao río Belelle, un dos seus eixos de desenvolvemento no pasado. Nas súas beiras tivo lugar a evolución da sociedade da vila, e as súas primeiras industrias forxáronse grazas ás súas augas. Aínda hoxe perviven os muíños que abasteceron ás industrias panadeiras, tanto os dos pequenos negocios familiares como as denominadas "Casas Reais" ou "Fábricas de Bizcoito", propiedade da Casa dos Austrias, que fornecen o pan e as galletas consumidos polos mariñeiros nas travesías.

Na zona da Fervenza aínda se pode gozar da vexetación típica dos bosques oceánicos, polo que podemos afirmar que algo nos queda daqueles bosques de Neda, famosos e apreciados nos séculos pasados, grazas á boa e abundante madeira que ofrecían. Grazas a esta riqueza madeireira funcionaron os asteleiros na desembocadura do Belelle, á vez que se abastecía ás vilas veciñas.

A riqueza natural desta zona fai que non sexa raro atopar animais pouco visibles noutros lugares: gaviáns, garzas e patos, que anidan e medran na desembocadura, onde hai unhas interesantes marismas, e non fai moito ata podíamos ver alondras.

– FÁBRICA DE XUBIA/A CASA DE MOEDA DE XUBIA

Ao inicio da produción, fabricaba ferros de cobre, pero en 1809 convertíase en fábrica de armas, recuperando pouco despois a súa función orixinal.

Durante a Guerra da Independencia contra os franceses realizaba funcións de Casa de Moeda. En 1811, xa que a Ceca encargada de fabricar moeda de cobre -a Casa de Moeda de Segovia-, fora tomada polos franceses que acuñaban moeda en nome de José Bonaparte (irmán de Napoleón), a Ceca de Xubia, libre dos franceses, pasaba a emitir moeda en nome do rei lexítimo, Fernando VII.

En 1812 acuñábanse as primeiras moedas de 8 maravedís. Nos anos seguintes tamén moedas de 2, 4 e 1 maravedí.

En 1815, a Casa de Moeda de Segovia volvía a acuñar moedas en nome de Fernando VII, polo que a Ceca de Xubia perdía importancia e fabricaba de novo placas para os buques da armada en 1819. No periodo entre 1827 e 1835 deixábase de fabricar moeda, centrándose na fabricación de folla de lata.

O 28 de agosto de 1850 cesaba a fabricación de moedas en Xubia. As últimas saían da fábrica en setembro dese ano. Aínda que entre 1866 e 1868 se acuñarían moedas de medio, un, dous e medio e cinco céntimos de escudo, en 1868 era pechada definitivamente (xunto coa Ceca de Segovia).

Cesamento de actividade e venda en poxa pública

Co cesamento de actividade en 1868, a Ceca de Xubia quedaba pechada ata o 11 de febreiro de 1870 en que saía á venda en pública poxa. Despois de dous intentos, e non tendo ofertante, sacouse novamente a poxa para o día 19 de Outubro de 1870 no que foi taxada en 1.606.105 pts. Esta cantidade, reducida ao 70%, arroxaba un total de 1.124.273, 50 céntimos, que serviu de tipo para a 3ª poxa.

O 9 de Novembro de 1876, D. Francisco de Barcón e Quevedo compraba ao Estado a Real Fábrica de Moeda e Cobre de Xubia e xunto con toda a leira, instalaba nela unha fábrica de fiados e tecidos co nome de "Barcón & Cía." que quedaba inaugurada o 10 de Marzo de 1878.

O 19 de Febreiro de 1928, o Sr. Barcón vendía a fábrica a D. Dionisio Tejero Pérez, que fundaría a firma Galicia Industrial. O 1 de Xaneiro de 1956, Galicia Industrial cambiaba de nome ao ser absorbida pola firma Dionisio Tejero, S.A. O 1 de Marzo de 1982 un grupo téxtil formado por Téxtil Santanderina, S.A.; Vic Industrial, S.A e Xirona Téxtil, S.A. comprábanlla a Dionisio Tejero, S.A. (en principio só as instalacións, e posteriormente o resto da leira) e constituirían a actual Galicia Téxtil, S.A.

– **RÍO BELELLE**

O Río Beelle transcorre polos concellos de A Capela, Fene e Neda e desemboca na ría de Ferrol. Abastece a distintas zonas de gran riqueza paisaxística e ecolóxica. É coñecido pola súa ferverza de máis de 45 metros e tamén pola súa idoneidade para a pesca da troita.

Historicamente, o río Beelle é de gran importancia económica, por dar luz (enerxía hidroeléctrica), brancura (lavado das velas dos buques), auga (abastecemento de auga a Ferrol e outras parroquias) e pan (a industria molinera e panadeira) aos habitantes da ría ferrolá.

A comezos do século XX, realízanse importantes estudos sobre a transmisión de enerxía eléctrica dende “A Ferverza do Beelle” ata a cidade de Ferrol, materializándose na construción dunha central hidroeléctrica no monte Marraxón (Neda).

No século XVII, as augas do Beelle eran consideradas as mellores do país para o branqueo do velamen dos buques, xa que unha vez lavadas nestas augas tiñan maior duración e brancura. En 1916 o médico Santiago da Igrexa tras realizar unhas análises bacteriolóxicas, recomenda as súas augas para a saúde, por ser extremadamente puras e con presenza de fungos beneficiosos (do xénero penicillium).

No ano 1885, iníciase o proxecto da subministración de auga a Ferrol que se inaugura en 1920, aproveitando as pontes do ferrocarril Betanzos-Ferrol (inaugurado en 1813), o da Faísca (que cruza a ría ferrolá) e o das Cabras.

Os muíños do Beelle, xunto coas súas augas, proporcionaron as materias primas fundamentais para a elaboración do coñecido Pan de Neda (con rexistro de Marca de Calidade). A primeira referencia histórica desta variedade de pan se debe á folga industrial protagonizada polas maestranzas vasca, cántabra e galega os días 4 e 5 de xuño de 1752, como resposta á prohibición de venda de pan dentro do estaleiro e arsenal de Ferrol.

(Nota: Información obtida a través de diversas publicacións en Internet.)